

## TER É MANTER 2012

# AXUDAS AO MANTEMENTO DE EDIFICIOS DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### Qué se subvenciona?

Obras de mantemento e conservación en:

- Cubertas, fachadas exteriores e patios interiores.
- Canlóns e baixantes de pluviais\*.
- Fiestras e galerías de madeira e portas de entrada.
- Reixerías.
- Elementos comúns interiores de madeira (ventás, portas, escaleiras, zócalos).

Tamén se subvencionan os gastos derivados da instalación de estadas, os honorarios profesionais da redacción do plan de mantemento ou do proxecto da obra e as taxas municipais.

\*Con carácter especial, e para fomentar a mellora das instalacións de recollida de pluviais, subvencionarase a substitución de canlóns e baixantes, así como gardacanos e conexión á rede xeral.

### Beneficiarios

Propietarios, arrendatarios, titulares dalgún dereito de uso sobre o inmovible.

### Requisitos do inmovible

Estar dentro do ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica.

Uso principal vivenda.

Antigüidade superior a 5 anos.

Suficiente seguraza estrutural e estanqueidade fronte á chuva.

### Contía da subvención

40% do orzamento máximo subvencionable



Os interesados poden presentar a súa solicitude **antes do 5 de decembro de 2012** na Oficina Municipal da Cidade Histórica e de Rehabilitación (OCiHR), na praza de Cervantes, 5.  
Tel.: 981 542 419